

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN  
do 23 de febreiro de 2017**

**ACTA Nº 3/2017**

Na Casa do Concello de Muros, ás dezanove horas e corenta minutos do día vinte e tres de febreiro do ano dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria da sesión extraordinaria e urxente.

**PERSOAS ASISTENTES**

Alcaldesa: D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D<sup>a</sup> María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D<sup>a</sup> Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño

D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D<sup>a</sup> María del Rosario Fernández Piñeiro

D. Manuel María García Fernández

D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo

Secretario accidental: D. Ramón Manuel Formoso Fernández, que dou fe do acto

Orde do día

1 Ratificación da urxencia da convocatoria.

2 Proposta do Partido Popular para a aprobación de priorización de obras a incluír no POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña.

**1 Ratificación da urxencia da convocatoria.**

A Sra. alcaldesa xustifica a urxencia explicando que había un Pleno extraordinario convocado por petición do PP, coa mesma orde do día, para o día 2 de marzo cos prazos establecidos pola lei, pero que o luns presentou un escrito o Partido Socialista no que dicía preferir que os Plenos extraordinarios se celebraran antes do ordinario.

Que a única vía era convocalo por urxencia e que non teñen ningún problema que se celebre antes do ordinario.

A Sra. Monteagudo di que a urxencia se desprende do contido da propia moción e que non teñen ningún problema en votar a favor.

A Sra. González di que o seu grupo non ten ningún problema en votar a favor da urxencia pero que van argumentar por que se convocou ese Pleno: Que na comisión informativa, o Partido Popular e o Partido Socialista xa tiñan solicitado un Pleno extraordinario debido á parálise do goberno municipal e que polo medo de quedar sen esa subvención, como xa tiveran quedado noutra ocasión, decidiron que había que defender os intereses da veciñanza de Muros.

Que na comisión informativa lle dixo á Sra. alcaldesa que tiña que convocar eses Plenos extraordinarios e que lle contestara que no, que se convocaban despois do ordinario porque os puntos non eran os mesmos, que o que pedía o Partido Popular e o Partido Socialista eran unha serie de obras e que ela estaba falando do POS, que era un argumento peregrino e sen ningunha fundamentación porque era mentira como as mentiras da Sra. alcaldesa e que non estaba na súa intención convocar o Pleno e que non fai falta ser moi listo para darse conta porque os convocou este mesmo día ás dúas da tarde, cando se veu *coa auga ao cuello* porque o Partido Socialista advertiulle na comisión informativa e logo puxéronllo por escrito. Que lle dixeron que a Sra. alcaldesa era especialista en saltarse a lei, que xa está investigada ao igual que os outros dous concelleiros, aínda que neste caso ía ela soa porque é a responsable de convocar o Pleno.

Que traballaron en balde porque o seu capricho era non convocar o Pleno e que ía cometer unha prevaricación administrativa que é o que lle puxeron no escrito e que non é o que pon a Sra. alcaldesa na convocatoria: “Ante a insistencia do grupo socialista para que se celebren os Plenos extraordinarios solicitados...” que a alcaldesa di que foi ese o motivo pero que en realidade foi que non lle quedou máis remedio porque a Lei de bases de réxime local di que o punto da orde do día que se pide nun Pleno extraordinario non se pode incluír en ningún outro Pleno e que entón estaba prevaricando.

Explica que se a Sra. alcaldesa celebraba o Pleno ordinario de hoxe ás oito e media sen celebrar os Plenos do Partido Popular e do Partido Socialista, estaría prevaricando. E que entón non lle quedou máis remedio porque lle parece que a alcaldesa non é da familia real e iría para dentro.

Que o artigo 46 da Lei de bases de réxime local di: “...*Asimismo, el Pleno celebra sesión extraordinaria cuando así lo decida el Presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación, sin que ningún concejal pueda solicitar más de tres anualmente. En este último caso, la celebración del mismo no podrá demorarse por más de quince días hábiles desde que fuera solicitado, no pudiendo incorporarse el asunto al orden del día de un Pleno ordinario o de otro extraordinario con más asuntos si no lo autorizan expresamente los solicitantes de la convocatoria*”. Ante o caso de que isto ocorra estamos ante un claro delito de prevaricación administrativa. E que ese é o motivo polo cal a Sra. alcaldesa convocou o Pleno.

Que loxicamente é urxente. E que esperan que neses plenos se decida o que a veciñanza de Muros está esperando deles, non da Sra. alcaldesa, se non deles.

O voceiro do BNG, o Sr. García, di que con respecto da urxencia non teñen nada que engadir.

A voceira Popular, a Sra. Monteagudo, di que quedou claro que todos e todas o consideran urxente.

Votación: Unanimidade

Acordo:

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

## **2 Proposta do Partido Popular para a aprobación da priorización de obras a incluír no POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña**

A Sra. Monteagudo dá lectura á súa solicitude:

“O 17 de xaneiro presentamos ao Pleno, para o seu debate e aprobación, unha moción na que pediamos se incluíran no plan POS+ 2017 da Deputación da Coruña unha serie de obras.

A moción non foi debatida no Pleno ordinario correspondente ao mes de xaneiro, nin na comisión informativa correspondente. Convocouse pola Sra. alcaldesa unha xunta de voceiros, que se celebrou o día 23 de xaneiro, na que se estableceron unhas priorizacións de obras, e se acordou facer un seguimento das propostas.

Transcorridos 15 días sen que se nos volvea a convocar para facer o seguimento acordado, e ante o perentorio dos prazos, solicitamos, con data 7 de febreiro, a celebración dunha comisión informativa extraordinaria para tratar este mesmo tema. Ese mesmo día convocóusenos para unha xunta de voceiros a celebrar o día 9 de febreiro, ás 14.30 h, xunta que non se chegou a celebrar, xa que foi desconvocada media hora antes da súa celebración.

Dado que o próximo día 24 de febreiro (que é mañá) remata o prazo de presentación de propostas ao POS+2017, convocado pola Deputación Provincial da Coruña, e non se celebrou ningunha comisión informativa na que tratar as obras que se van incluír neste programa, nin a xunta de voceiros prevista, consideramos necesaria a celebración dun Pleno extraordinario no que se formalicen os acordos acadados na xunta de voceiros do 23 de xaneiro.

Segundo o disposto no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases de réxime local, o Pleno celebrará sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da corporación.

Polo exposto SOLICITAMOS

- A convocatoria dun PLENO EXTRAORDINARIO, segundo o previsto na normativa de aplicación.
- Que dita sesión teña como orde do día o seguinte punto: Aprobación da priorización de obras a incluír no POS+2017 da Deputación da Coruña.
- Que a proposta a incluír para o seu debate e aprobación polo Pleno, se procede, sexa a seguinte:

PRIMEIRO. Segundo o acordado na xunta de voceiros celebrada o día 23 de xaneiro de 2017, na que se fixo unha posta en común das mocións presentadas polo grupo popular e o grupo socialista da corporación muradana, destinarase ao pagamento a provedores a cantidade que resulte do informe elaborado pola Intervención (uns 100.000 euros segundo avanza a Sra. alcaldesa), a amortización de empréstitos a cantidade que resulte do informe elaborado pola Intervención (uns 85.000 euros segundo avanza a Sra. alcaldesa), e ao mantemento dos programas que xa non vai financiar a Deputación (envellecemento activo, etc) unha cantidade aproximada de 80.000 euros. O remanente destinarase á realización de investimento, tendo en conta a viabilidade e dispoñibilidade económica e técnica, segundo a seguinte priorización:

- 1 A praza do Cristo de Tal. Retirada do palco e acondicionamento do espazo.

2 Vestiarios e cantina do campo de fútbol Eleuterio Balayo.

3 Acondicionamento do cemiterio da Atalaia.

4 Chalón.

5 Ordenación e infraestruturas da zona do Artón ata a Alameda de Esteiro.

6 Reforzo do cadro de axuda a domicilio.

7 Plan de camiños: un plan de camiños no que se incluíría, segundo dispoñibilidade económica e viabilidade técnica, algún dos seguintes: camiño principal do lugar de Torea, camiño de Cruz da Pedra, A Gardiña, camiño principal do lugar de Baño, acceso ao colexio de Louro, camiño da igrexa de Abelleira, Vistavós, A Moreira, O Vilar e Tras da Costa.

SEGUNDO. Que se elaboren os proxectos correspondentes ás obras aprobadas e demais documentación necesaria para a tramitación con cargo ao POS+ 2017.”

Continúa a súa intervención dicindo que cre que a proposta está bastante clara e que fixeron un esforzo importante de diálogo e que desde logo pensan que o desexable é que as propostas para o POS foran co maior respaldo posible da corporación e que o que si teñen claro é que dende o grupo de goberno non se fixo ningún esforzo para que fose así.

Que tiveron que estar presionando constantemente para conseguir chegar a tratar os temas e cando chegaron a esa xunta de voceiros, as propostas que había eran basicamente as presentadas por eles e polo Partido Socialista. Que de entre esas dúas, postas en común, saíu esa relación e que o que pretendían coa solicitude de convocatoria de Pleno extraordinario era que o Concello non perda os setecentos cincuenta mil euros que son o POS e que é unha cantidade moi importante para o Concello, que vai permitir facer unhas obras que son moi importantes e que se non chega a ser pola presión exercida pensan que corría serio risco.

A Sra. González di que eles concordan con todo o que acaba de dicir a voceira do grupo popular, xa que non se poñía en contacto a Sra. alcaldesa nin o grupo de goberno cos grupos da oposición. Que de xeito totalmente *kamikaze* levaron á comisión informativa unhas propostas, que en principio xa estaban os proxectos medio feitos e que tamén é certo que lle puxeron uns números enriba da mesa sen ningún tipo de informe, que aínda non o hai hoxe, e que votan de menos un informe de Intervención para saber de que partidas pensaban sacar as achegas do Concello de Muros para este plan e que non hai nin informes nin hai nada que se lle pareza.

Que a Sra. alcaldesa tirouse á piscina ata o último día, ata tres ou catro horas antes do Pleno ordinario e cren que tanto o Partido Popular como eles fixeron os deberes e que se puxeron de acordo en cales ían ser as obras máis interesantes para este ano porque tanto ao PP como a eles, a veciñanza lle reclamaba practicamente as mesmas intervencións.

Que reclaman un montón de intervencións pero que maioritariamente aquelas que o día da xunta de voceiros acordaron.

Que o que lle parece que si teñen que mirar é que hai unha parte que eles propuxeron e que era que unha das achegas do plan debería ser para reforzar a axuda a domicilio ou sobre todo a parte de Servizos Sociais.

Que despois de consultalo coa Deputación da Coruña e tamén o día da comisión informativa se apuntaba a que iso non entraba e que efectivamente xorden dúbidas de se pode entrar ou non.

Que a Sra. alcaldesa sacou unha nota de prensa, de xeito gratuíto, porque tal e como apuntou a voceira do Partido Popular tiñan convocada unha xunta de voceiros que se suspendeu cinco minutos antes e como na primeira xunta de voceiros estaba moito no

aire, que fixeron un *remix* e decidiron cales eran as obras que ían pedir no Pleno extraordinario.

Que a Sra. alcaldesa fixo unha proposta e din que queren poñer en gasto corrente cento oitenta mil euros e que hoxe sae na prensa que eses cento oitenta mil euros que se van inverter en prazas de policía local e no reforzo de profesionais de axuda a domicilio e que é mentira que sexa así porque non o pon en ningún lado. Que na súa proposta o único que pon é gastos correntes, co cal quere dicir que vai facer unha bolsa no capítulo II para gasto corrente e que está prohibido por lei que ese gasto corrente se adxudique a pagar soldos, que é capítulo I do orzamento. E que non, que a alcaldesa non o sabe porque aínda non o veu nin o mirou nin tivo tempo.

Que non é certo que eses cartos os poida destinar a iso se os pon como gasto corrente. Que tería que poñelos no capítulo I do orzamento.

Que as bases do POS, no financiamento de gasto corrente di literalmente: “No suposto de que o concello opte por destinar en todo ou en parte a achega provincial de 2017 ao financiamento dos gastos correntes do concello previstos para este exercicio no ano 2017, a Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello deberá elaborar unha previsión para o exercicio 2017 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios do concello”

Continúa dicindo que isto non está nin se lle espera, que cre que a ninguén lles mandaron un informe de Intervención ou Secretaría-Intervención onde recolla onde van ir eses cento oitenta mil euros que propón a Sra. alcaldesa nin ten previsión de gastos para o ano 2017 porque non hai orzamento.

Que tamén di que: “sen prexuízo do que di a Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local” e que esa lei define as competencias obrigatorias que teñen os concellos de vinte mil habitantes e que entre as obrigatorias non aparece a axuda a domicilio, pero si aparece o da policía local: “policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios”.

Que entón eles non teñen ningún problema en votar a moción do grupo popular porque coinciden nas obras nas que se puxeran de acordo, coa salvidade de que nese punto onde pon: Reforzo do cadro de axuda a domicilio, que xa que todo apunta a que non pode ser así, que poñan: dúas prazas de policía local.

En canto ao plan de camiños, que intenten facer o maior número deles.

Que o seu grupo, con esa modificación, non teñen problema en apoiar a moción do Partido Popular, que é parte da súa moción.

O Sr. García di que no BNG están un pouco indignados coa situación, con como está funcionando esta corporación. Que temos un goberno moi débil, tanto en número como en capacidade, porque as cousas se están levando con moita dificultade e que por outro lado temos unha oposición, en parte responsable deste goberno, que en lugar de axudar ao labor do goberno está facendo todo o contrario que é constantemente poñer paus na roda, intentar facerse ver e intentar sacar resultado partidista das súas actuacións sen atender as necesidades do pobo.

Que o que está pasando hoxe, que é un auténtico esperpento, o de ter dous Plenos extraordinarios. Que non entende que o que se vai aprobar neste Pleno porque non se podería facer no ordinario cando así se acordou o mes pasado, se ben é certo que houbo polo camiño algunha incidencia como a non celebración da xunta de voceiros pero que pensan que iso non é suficiente para que non se poida aprobar dentro de media hora o que se vai aprobar agora.

No que se refire á proposta, que como xa manifestaron na xunta de voceiros e na comisión informativa, que lles gusta que as obras, o asfalto e o ladrillo serva para algo máis que amañar cousas e que teña un contido social e axude a mellorar as

condicións da veciñanza. Que por iso eles facían unha proposta que era comezar a remodelar o Cine París para que a medio prazo puidera volver a ser un espazo para a cultura, para goce das asociacións e demais.

Que ese punto en ningún momento foi atendido por ningunha das propostas e foi totalmente descartado e que como o que eles propoñen non se reflicte en ningún lado, que tanto agora, como dentro media hora, se van abster na votación.

A Sra. alcaldesa di que en CxG o que queren é sobre todo que non se perda o POS e que no punto anterior, na ratificación da urxencia, a portavoz do grupo socialista os acusou de que perderan unha subvención e que non é certo. Que renunciaron a un préstamo porque consideraron que podían prescindir de endebedarse máis. Que un préstamo non é unha subvención, que son cartos que hai que devolver pero que como hai a quen lle gusta moito enganar a xente, que segue nas mesmas.

Que a proposta do Partido Popular é unha proposta de priorización de obras e que é o que se acordou na xunta de portavoces polo que demostra que non é verdade que non houbera ningún tipo de conversa nin acordo. Que nesa xunta de portavoces houbo acordo e ninguén manifestou desacordo.

Que tal como se recolle na proposta, dalgún xeito significa que o Pleno ratifique o acordado na xunta de portavoces.

Que o goberno municipal non ten ningún problema en apoiar esa proposta porque se fixo.

Que logo de ter a xunta de portavoces, o que se fixo foi traballar nese acordo e que se tardou en convocar a segunda xunta porque era un traballo inxente no que estaba traballando moita xente e había que valorar todas esas propostas a ver cales se podían incluír e cales non.

Que como xa ten explicado non é só a cantidade de obras e actuacións a valorar, senón que hai que encaixalas en cada un dos tres plans que forman este plan único que entre si non se cruzan.

Que non teñen ningún problema en votar esa proposta porque non deixa de ser ratificar o que acordaron na xunta de portavoces. Que é a demostración evidente e obxectiva de que houbo negociacións e conversas.

Que nesa xunta de portavoces aínda non estaba rematada e que logo houbo unha comisión informativa e conversas con persoas da corporación que se interesaron polas obras e polos traballos que se estaban facendo para a elaboración do POS.

A Sra. Monteagudo, na segunda intervención, di que se alegra de que coincidan todos e todas, ou a gran maioría, en que o importante é non perder o POS como se perdeu o PAI do ano pasado.

Que coincide na valoración que fai o BNG de que a situación é esperpéntica pero que o esperpento está provocado pola nefasta xestión que se fixo deste asunto porque non había máis que celebrar as xuntas ou facer un seguimento das obras tal e como acordaran.

Que ante os incumprimentos reiterados que levan sufrindo por parte do goberno local que consideraron necesario que esa priorización que estaba acordada nunha xunta de voceiros se recollese ou reflíctese dalgunha maneira e que como non houbo posibilidade que tiveron que recorrer a isto.

Que como ben dicían, isto é unha priorización de obras a incluír no POS. Que a eles tanto lles ten que se destine parte do diñeiro a gasto corrente ou a contratación de auxiliares de policía. Que pensa que non pode ser creación de prazas e non sabe se pode ser contratación, pero que para a creación de prazas ten as súas dúbidas porque entende que deberían estar no orzamento (que non está nin se lle espera) e que cren

que isto foi o que se acordou e que o falarán no seu momento no Pleno ordinario co POS, pero isto e basicamente no que vai consistir o POS.

Que di a portavoz socialista que recolle as súas propostas e non coincide niso porque presentaron unha moción o día 17 de xaneiro na que recollían as obras e que dita moción saíu na prensa e o mesmo día que saíu na prensa a portavoz socialista presentou a súa recollendo moitas das que eles propoñían e algunha outra cousa máis. Que pensa que fixo algo de *seguidismo* da súa proposta.

Pero que iso non ten, neste momento, máis transcendencia. Que o importante é que non desaproveiten a oportunidade, outra máis que estivo en risco serio de desaproveitarse e que tiren para diante e intenten acordar as cousas e cambien os xeitos de actuar e de facer porque isto cre que é un caso único. Que ve nos concellos da redonda que máis ou menos todo o mundo concorda ou aproba as obras do POS por unanimidade ou cun respaldo importante e que lle parece que a xestión que se fixo e que se está facendo é delirante e que os está levando a uns extremos que non son comprensibles.

Que cre que se debe facer un esforzo por parte da Sra. alcaldesa de diálogo e de posta en común. Que o ten que facer ela e o están facendo eles e que debe cambiar esa actitude pois senón no futuro a cousa vai ir evidentemente a peor.

Que pola súa parte non teñen máis que comentar, que a súa proposta recolle basicamente o acordo da xunta de voceiros e que só queda proceder a votala.

Na segunda intervención a Sra. González di que volven a insistir se na partida de axuda a domicilio poden poñer capítulo I ou destinado ao capítulo I co fin da ampliación das prazas de policía local para non perder esta parte desta proposta.

Que para o caso de que se perdera a parte que queremos destinar a reforzo do cadro de axuda a domicilio e que non vaia para a policía local, que vaia destinada a execución da maior parte dos camiños que están propostos.

Que efectivamente a proposta do Partido Socialista e do Partido Popular non é exactamente a mesma. Que a súa era moito máis ambiciosa. Que pedían moitas máis cousas porque non tiñan números para saber cal era a débeda do Concello.

Que coinciden nun montón de cousas pero que non son exactamente iguais e que o único que lle preocupa é non perder absolutamente nada.

Que se na proposta que fan agora parten da base de que o reforzo do cadro de axuda a domicilio non entra na normativa deste plan pois que o están perdendo e entón que poñan, aínda que non digan a que vai dedicado, que se reserve unha contía para o capítulo I para a creación, ou ben, do reforzo de axuda a domicilio ou ben das prazas de policía local.

Que pensan que ía quedar mellor.

Que a Sra. alcaldesa volve mentir e di que todo o que fixemos xa estaba feito na xunta de portavoces e que é de *tontos* facer proxectos que non se van executar e que hai algún deles que non se vai executar.

Que por certo na súa proposta di que os honorarios de redacción son cero, tanto para a Deputación como para o Concello. Que non debería entrar nese tipo de cousas, que non ten sentido.

Que efectivamente tiveron que poñerse de acordo porque o grupo de goberno nin se poñía nin se esperaba. E que volve dicir o mesmo, que non perdemos unha subvención. Perdemos a posibilidade de utilizar uns cartos a custo cero.

Quere deixar claro que parte dos proxectos que están feitos non coinciden co que seguramente van aprobar.

Que a súa intención é que a maior parte dos camiños, que se fagan e que no caso de que mañá desde o grupo de goberno, como debería ser, comentan coa Deputación (que é o último día que se pode facer) o da axuda a domicilio e se lle di que si, pois moi ben e se lle di que non, que se garde unha partida para outro tipo de cousas como por exemplo a creación de dúas prazas de policía local. Ou que se perden parte se pode invertir no resto dos camiños, aínda que o Partido Socialista prefere a creación de dúas prazas de policía porque acaban de darlle traslado de que a un policía local lle concederon a segunda actividade cando na rúa non hai policías.

Que xa saben o xeito de gobernar de CxG. Que sacan a policía local e que hai un montón de problemas na rúa, que están roubando nas casas, que diante das ventás do concello hai un problema grave de acumulación de rapaces/zas que non se sabe moi ben o que están facendo e que non se fai nada porque non hai membros da policía local e non se lle ocorre outra cousa máis que pasar a un a segunda actividade e deixar a rúa sen xente. Que cre que é urxente a creación de dúas prazas de policía, que como ben di a voceira popular, non se pode levar a creación das prazas pero si a asignación dunha contía ao capítulo I para dotar de orzamento ese proxecto.

Que con respecto ao dito polo BNG, que o único que propuxo foi o arranxo do Cine París, seguramente porque pasou por alí e veuno xa que cre que non mirou os papeis. Que di que houbo unha incidencia, que lle chama incidencia a unha suspensión dunha xunta de portavoces en cinco minutos pero que levan dous anos vendo a súa postura, tanto de CxG como do BNG e que está claro que nin con uns nin con outros o pobo de Muros vai saír adiante.

O Sr. García di que con respecto á proposta en si e os proxectos que se mandaron, aínda que na comisión informativa houbo espazo para comentar dúbidas, que lles gustaría facer algún comentario porque da cantidade de documentos que se lle mandaron aínda non tiveron tempo de velos todos, e que hai un proxecto en particular, o do campo de fútbol de Miraflores que lle ven, tal como está, algunha dificultade de execución porque onde van ir os novos vestiarios que non sabe como se vai acceder para transportalos, xa que enriba da herba non se pode pasar e non hai un camiño habilitado e se se fai na zona que indica no mapa que cre que invade uns terreos privados pero que supón que haberá posibilidade de modificar os proxectos e que insisten en que lles tería gustado poder ver o proxecto con moito máis tempo.

Respecto de que eles non fixeron ningunha proposta di que cre que foi un éxito do BNG poder ter adquirido o Cine París que é un lugar histórico no Concello de Muros e non merece estar como está e merece prioridade absoluta.

A Sra. alcaldesa, para rematar, di que se alegra de que a portavoz do Partido Socialista entendeda, ou asumira ou recoñeza que o de axuda a domicilio non se pode incluír a cargo do POS porque foi algo que se comentou na xunta de portavoces e sobre todo na comisión informativa. Que xa lle dixeran que non se podían destinar cartos ao incremento do cadro de axuda a domicilio nin tampouco á creación de prazas de policía local porque ten que ser por outro procedemento.

Que xa explicaron na comisión informativa que o motivo de incluír cento oitenta mil euros en gasto corrente é precisamente para poder facer fronte e responder a esa solicitude do Partido Socialista do incremento de axuda a domicilio e poder crear as dúas prazas de policía local, se non é de xeito directo co POS+, que non se pode, si de xeito indirecto destinando isto a gasto corrente e podendo liberar fondos propios do Concello para poder destinar a axuda a domicilio.

Dá paso á votación:

A favor: 11 (3 CxG, 4 PP e 4 PSdeG-PSOE)

Abstencións: 2 do BNG

Acordo:

Apróbase a proposta do Partido Popular da priorización de obras a incluír no POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as oito horas e vinte minutos. Dou fe.

O secretario accidental